



## CONVOCATORIA MOSTRA FOTOGRÁFICA “ MULLERES ”

O Concello de Barbadás celebra a Mostra Fotográfica “Mulleres” dentro do ámbito da II Romaría Feminista.

Barbadás é un Concello plenamente comprometido co feminismo e a loita das mulleres. O obxectivo desta mostra é por en valor o papel diario e silencioso da muller na sociedade e render homenaxe a tódalas mulleres.

Búscanse fotografías que reflectan desde unha óptica única os distintos matices das mulleres, tanto desde a óptica da vida diaria e profesional coma desde unha visión global e feminista.

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1.- Participación.

A participación está aberta a calquera persoa, sexa ou non profesional da fotografía. As fotografías terán coma eixo central ás mulleres e as súas actividades.

A mostra é gratuíta e non ten carácter competitivo.

#### 2.- Presentación de solicitudes.

O 20 de setembro de 2019 será a data límite para presentar as fotografías que se desexen exhibir na mostra.

As fotografías serán enviadas ó correo electrónico: [igualdade@barbadas.gal](mailto:igualdade@barbadas.gal), indicando en tódolos casos o nome da obra e o nome da autora ou do autor da mesma.



### **3.- Selección.**

O Concello de Barbadás terá a posibilidade de excluír da mostra aquelas fotografías que non se axusten ó tema da mesma ou que supoñan unha imaxe da muller degradante, vexatoria ou aquelas que non cumpran a normativa.

### **4.- Disciplina e formato.**

Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías dixitalmente en formato 40 x 60 a 150 ppp de resolución en branco e negro ou en cor. Poden ir asinadas pola autora ou autor da mesma.

### **5.- Tema.**

“ Mulleres “

### **6.- Exposición das obras.**

As fotografías incluíranse nunha mostra na propia Romaría Feminista. Así mesmo, durante un ano as fotografías serán mostradas en diversos edificios públicos do Concello e en todas aqueles establecementos privados que estean interesados e así o soliciten, sempre sinalando o autor ou autoría da imaxe e devolvendo o cabo do ano a imaxe ó autor.

O cabo do ano os autores poderán recoller as súas fotografías nas dependencias...

### **7.- Dereitos de imaxe.**

Os participantes ceden de xeito temporal ( máximo un ano ) ó Concello os dereitos da imaxe aportada, dos seguintes xeitos :

- Primeiro. Declarando que no existen dereitos de terceiras persoas nas obras presentadas.
- Segundo. Autorizar ao Concello de Barbadás a utilizar as obras segundo o establecido nas presentes bases.



## **8.- Normas xerais.**

A participación na convocatoria supón a plena aceptación destas bases así como, a aceptación dos criterios que estableza a organización para resolver cantas cuestións se producisen durante o desenvolvemento da mesma.

Para calquera dúbida ou para ampliar información:

Concellería de Servizos Sociais, Igualdade, Participación Veciñal e Sanidade  
Centro de Información á Muller (CIM)  
Barrio Fornos, 4- 32890 Barbadás  
Tel. 988222251 e-mail: [igualdade@barbadas.gal](mailto:igualdade@barbadas.gal)

En Barbadás, 12 agosto 2019